

ZIMMERWALD

Valeria Stucki, 2023

1294

ESTREA EN NUMAX: 19.05.2024 | V.O.S.E. | 66 min

Primeira Guerra Mundial. Cando Lenin e Trotsky se reuniron na remota aldea suíza de Zimmerwald, non foi, como fixeron crer, para observar paxaros. A conferencia secreta foi un chamamento á alianza dos traballadores do mundo enteiro en contra da guerra. A conferencia converteuse nun mito na Unión Soviética, pero foi deliberadamente esquecida pola vila onde tivo lugar. Agora, máis de cen anos despois, un grupo de alumnos do instituto de Zimmerwald proponse redescubrila, guiándonos así, polos meandros do esquecemento e a memoria dos que está feita a Historia.



Os recantos máis escuros e segredos da historia

Por Vadim Rizov

A proxección de *Zimmerwald* na edición 2023 de Visións du Reél comezou coa programadora Violeta Bava convidando a directora Valeria Stucki a presentar o filme. Ela convidou a todos os membros do elenco e do equipo do filme a subir ao estrado ao que Bava retrucou: "Tiña medo de que se seguía chamando a xente do equipo o auditorio ficase baleiro, pero estou feliz de comprobar que segue cheo".

O filme de Stucki remóntase á Conferencia de Zimmerwald de 1915, cando 38 delegados de 11 países, incluíndo Lenin e Trotsky, se reuniron nesta remota vila suíza. Eu, persoalmente, xamais ouvira falar desde acontecemento nin desta vila, e ese esquecemento é un punto central do filme. Estudantes de instituto local desenvolven un traballo escolar no que sitúan os espectadores do filme no papel de investigadores. Os rapaces empregan os medios de transporte suízos para viaxar hoxe a Zimmerwald e presentar a expertos locais o contexto e antecedentes da Conferencia.

O hotel no que tivera lugar o encontro foi derrubado e, tal e como indica un dos homes entrevistados, seguramente todos os habitantes da vila estarían de acordo coa súa destrución polas implicacións políticas deste edificio en plena Guerra Fría. Os rapaces vanse interesando máis e máis polo tema até cuestionarse se non sería atinado promover a colocación dunha placa conmemorativa no lugar. Un home xa maior que seguramente non é consciente de que está a falar co grupo de idade ao que ao mesmo tempo descualifica, argumenta que non é necesario porque a xente nova non se preocupa pola historia, e o clímax do filme chega cando o municipio de Zimmerwald debate sobre a proposta de colocación dunha placa hoxe, 110 anos máis tarde do encontro.

Nunha excelente e atinada nota dos créditos finais especificábase que a petición do Concello estas xuntanzas non son abertas ao público, aparentemente por medo a que se enchan de curiosos. Non parece o máis probable. O que *Zimmerwald* sostén co seu calmo estilo é a idea de que os recantos máis escuros e segredos da historia cómpre ser estudados pois poden configurar e inspirar os nosos pensamentos sobre o presente.

Publicado en filmmakermagazine.com

"Pola súa aproximación á historia e a súa vinculación co espazo público e como este é pensado desde a contemporaneidade ofrecendo unha cativadora perspectiva"

Fallo do Premio Laxetos, Festival Novos Cinemas de Pontevedra 2023, outorgado por un xurado composto por salas independentes do Estado: Cineciutat, Zumzeig, Dúplex, Círculo de Bellas Artes e NUMAX.



Na librería NUMAX

numax.org/librería

La gran guerra y la revolución: orígenes de la Internacional Comunista,
José Luis Martín Ramos
(coord.)

El Viejo Topo, 2019

El Estado y la revolución, Lenin.

El Viejo Topo, 2021